

Á vista das alegacións presentadas ás preguntas integrantes do exame tipo test para cubrir as prazas de Técnico Superior Área Xurídica, Técnico Superior de Xestión do Banco de Terras e Técnico Superior de Estudos e Dinamización da Sociedade Bantegal, a Comisión de Selección

ACORDA:

1º) TÉCNICO SUPERIOR ÁREA XURÍDICA:

-Pregunta nº 8.-

Estímase a reclamación sendo a resposta correcta:

C: Ningunha das anteriores é correcta.

Motivación: Por sentenza firme ditada pola xurisdición ordinaria obteríase o recoñecemento da titularidade do Monte Veciñal en Man Común, pero non a declaración de Monte Veciñal en Man Común como tal, que correspondería á xurisdición contencioso- administrativa.

Dado que dita pregunta estaba incluída tamén no test para a praza Técnico Superior de Estudos e Dinamización – Opción B, como a pregunta nº 11, considérase igualmente tal subsanación.

-Pregunta nº 10.-

Desestímase a reclamación.

Motivación: Segundo se recolle na Páxina Oficial da Dirección Xeral de Catastro (<http://www.catastro.meh.es/esp/procedimientos1.asp>):

“Características del valor catastral.

El valor catastral de la parcela se calcula teniendo en cuenta los siguientes parámetros:

- Calificación catastral. La calificación catastral está determinada por el cultivo o aprovechamiento atribuido a cada subparcela de terreno.
- Intensidad productiva. Una vez asignada la calificación catastral, los terrenos se clasifican en intensidades productivas de acuerdo con su calidad y aptitud para la producción agraria.
- “

-Pregunta nº12.-

Desestímase a reclamación.

Motivación: O artigo 471 apartado 3 do Regulamento Hipotecario, do 14 de febreiro de 1947, na súa nova redacción dada polo R.D. 1867/1998 de 4 de setembro, establece textualmente:

“Como resultado da súa inspección, o parte anual que, conforme ao citado artigo da Lei, deben remitir os Presidentes ao Centro directivo,

expresará necesariamente os extremos seguintes respecto a cada Rexistro do seu territorio:

[...]

3.º Calquera omisión, falta de formalidad ou defecto interno ou externo advertido **nos libros principais ou auxiliares**, índices, documentos, legajos ou no local da Oficina do Rexistro, así como as medidas adoptadas en cada caso e a súa execución.

[...]. "

-Pregunta nº 41.-

Estímase a reclamación anulándose a pregunta.

Motivación: Anúlase a pregunta dado que as respostas A e B son correctas.

Según o punto V.1 das Bases, en substitución da pregunta 41, avalíase a primeira pregunta de reserva (nº 71).

Dado que dita pregunta estaba incluída tamén no test para a praza Técnico Superior de Estudos e Dinamización – Opción B e no test para a praza Técnico Superior de Xestión do Banco de Terras – Opción A, como as preguntas nº 53 e nº 40 respectivamente, considérase igualmente tal subsanación pasando a avaliarse en ambos a casos a 1ª pregunta de reserva (nº 71).

- Pregunta nº 68.-

Desestímase a reclamación:

Motivación: A Compañía Familiar Galega é unha institución de Dereito Civil Galego.

O artigo 149.1.8 da Constitución Española recoñece a competencia do Estado en:

"8.ª Lexislación civil, sin prexuízo da conservación, modificación e desenvolvemento polas Comunidades Autónomas dos dereitos civís, forais ou especiais, alí donde existan. En todo caso, as regras relativas á aplicación e eficacia das normas xurídicas, relacións xurídico-civís relativas ás formas de matrimonio, ordenación dos rexistros e instrumentos públicos, bases das obrigacións contractuais, normas para resolver os conflitos de leis e determinación das fontes do dereito, con respecto, en este último caso, ás normas de dereito foral ou especial"

O artigo 27p4 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece : "No marco do presente Estatuto corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva das seguintes materias:

1. Organización das súas institucións de autogoberno.
2. Organización e réxime xurídico das comarcas e parroquias rurais como entidades locais propias de Galicia, alteracións de términos municipais comprendidos dentro do seu territorio e, en xeral, as funcións que sobre

o Réxime Local correspondan á Comunidade Autónoma ao amparo do artigo 149.1.18 da Constitución e o seu desenvolvemento.

3. Ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda.

4. **Conservación, modificación e desenvolvemento das institucións do Dereito civil galego. ..."**

No exercicio desa competencia exclusiva xurdiu do Parlamento de Galicia a Lei 2/2006, do 14 de xuño, de Dereito Civil de Galicia. En dita Lei establécese que a Compañía Familiar Galega "extínguese por declaración de concurso ou quebra que afecte a todos", sen que a día de hoxe se teña coñecemento de que se houbo declarado inconstitucional.

2º) TÉCNICO SUPERIOR DE XESTIÓN DO BANCO DE TERRAS

- Pregunta nº 40.-

Estímase a reclamación anulándose a pregunta.

Motivación: Anúlase a pregunta dado que as respostas A e B son correctas.

Según o punto V.1 das Bases, en substitución da pregunta 41, avalíase a primeira pregunta de reserva (nº 71).

-Pregunta nº 48.-

Estímase a reclamación.

Resposta correcta: B)

Motivación:

Se ben en orixe o Programa GRASS tiña unha vocación exclusivamente RASTER, tal e como se alega na reclamación, o certo é que nos últimos tempos evolucionouse no ámbito vectorial, dispoñendo na actualidade de funcionalidades con esas características.

3º) TÉCNICO SUPERIOR DE ESTUDOS E DINAMIZACIÓN.

- Pregunta nº 11.

Estímase a reclamación sendo a resposta correcta:

C: Ningunha das anteriores é correcta.

Motivación: Por sentenza firme ditada pola xurisdición ordinaria obteríase o recoñecemento da titularidade do Monte Veciñal en Man Común, pero non a declaración de Monte Veciñal en Man Común como tal, que correspondería á xurisdición contencioso- administrativa.

- Pregunta nº 53

Estímase a reclamación anulándose a pregunta.

Motivación: Anúlase a pregunta dado que as respostas A e B son correctas.

Según o punto V.1 das Bases, en substitución da pregunta 41, avalíase a primeira pregunta de reserva (nº 71).

-Pregunta nº 58.-

Estímase a reclamación.

Resposta correcta: B)

Motivación:

Se ben en orixe o Programa GRASS tiña unha vocación exclusivamente RASTER, tal e como se alega na reclamación, o certo é que nos últimos tempos evolucionouse no ámbito vectorial, dispoñendo na actualidade de funcionalidades con esas características.

O que se comunica para o xeneral coñecemento e aos efectos oportunos,

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2009

O Presidente da Comisión



Asdo.: Francisco José Ónega López